

MÁSTER UNIVERSITARIO EN

FILOSOFÍA: COÑECEMENTO E CIDADANÍA

GUÍA DOCENTE | 2025-26

TÉCNICAS DE TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN

DOCENTE:

PROF. CARLOS ALBERTO POSE VARELA

1. INFORMACIÓN BÁSICA

DESCRICIÓN

A materia ten o código P5251106. É unha materia troncal e obrigatoria do módulo I do Máster universitario en Filosofía: Coñecemento e cidadanía, que xunto ás outras cinco materias deste módulo pretende proporcionar unha formación común aos estudantes.

Esta materia impártese durante o primeiro semestre.

PRERREQUISITOS

Non require de ningunha formación previa.

IMPARTICIÓN

A materia será impartida polo profesor do Departamento de Filosofía e Antropoloxía, Carlos Alberto Pose Varela.

Será impartida en lingua castelán.

A información relevante da materia, así como os avisos e cualificacións, serán subidos á páxina desta no campus virtual da USC.

TITORÍAS

O horario das titorías será exposto na páxina web (<http://www.usc.es/filosofia>).

Tfno.: 881812523 (ou extensión 12523). Correo electrónico: carlosalberto.pose@usc.es

2. SITUACIÓN DA MATERIA NA TITULACIÓN

BLOQUE FORMATIVO NO QUE SE INTEGRA A MATERIA

É unha das materias troncal e obrigatoria que se oferta no Máster universitario en Filosofía. Coñecemento e cidadanía desde a Área de Filosofía. É unha materia pertencente ao Módulo I, que comprende tamén as seguintes materias: “Cidadanía, xustiza e democracia”, “o concepto antropolóxico de cultura e da diversidade cultural”, “Ciencia, técnica e pensamento”, “Problemas de estética contemporánea” e “Signo, representación, realidade”.

PAPEL DA MATERIA DENTRO DO BLOQUE

A materia Técnicas de traballos de investigación refírese ás técnicas necesarias para desenvolver con éxito un traballo de investigación de nivel universitario.

3. OBXECTIVOS DA MATERIA

- A1) Identificar e delimitar problemas para iniciar a investigación.
- A2) Seleccionar liñas de investigación.
- A3) Técnicas de investigación para continuar despois con éxito os Estudos de Doutoramento.
- A4) Destrezas que permitan a integración en equipos de I+D+i.
- A5) Destrezas para a investigación no ámbito empresarial.
- A6) Recurso informáticos.
- B1) Resolución efectiva de problemas.
- B2) Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
- B3) Traballar de forma autónoma con iniciativa.
- B4) Capacidade de xestión da información relevante.

COMPETENCIAS

BÁSICAS E XERAIS

CG2 - Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos que adquiran para identificar, formular e resolver problemas do noso tempo.

CG3 - Que vos estudantes sexan capaces de transmitir coñecementos, ideas orixinais e solucións propostas.

CG5 - Que os estudantes teñan habilidades para recoñecer, nos diversos saberes e na práctica social, cuestións e problemas susceptibles de ser abordados e resoltos.

CB6 – Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenrolo e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación.

CB7 - Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornas novas ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.

CB8 - Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.

CB9 - Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades.

CB10 - Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que terá que ser en gran medida autodirixido ou autónomo.

TRANSVERSAIS

CT1 - Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación.

CT2 - Manexar e analizar criticamente fontes de documentación científica, bibliográfica e dixital.

CT3 - Valorar de forma crítica a información para a resolución de problemas.

CT4 - Promover o respecto a os dereitos humanos e á diversidade cultural e das persoas, así como desenvolver valores contra as desigualdades de xénero.

ESPECÍFICAS

CE2 – Desenvolver destrezas que permitan trasladar os coñecementos adquiridos ao ámbito da investigación.

CE3 - Adquirir habilidades para a transmisión e ensino de contidos filosóficos relacionados cos ámbitos temáticos do máster.

CE5 - Ser capaz de analizar e sintetizar, argumentar lxicamente, formular xuízos, e deliberar conforme a criterios éticos.

CE6 - Saber expresarse oralmente e por escrito, comunicar, debater e deliberar.

4. CONTIDOS

1) Que entendemos por investigación? A investigación na normativa actual. Diferenzas da investigación segundo as áreas de coñecemento.

2) O proceso de investigación: do descubrimento á xustificación. Tipos de traballos de investigación. Compoñentes dun traballo de investigación.

3) Programación dun traballo de investigación. A elección do tema de investigación. O problema investigado.

- 4) Organización do traballo de investigación.
- 5) Redacción da investigación realizada e procesos posteriores nos traballos de investigación.

5. METODOLOXÍA DA DOCENCIA

TRABALLO PRESENCIAL NAS AULAS

- (1) *Clases expositivas*: exposición maxistral, aberta á intervención e ao debate
- (2) *Clases interactivas*: actividades en seminario con participación activa e protagonista do alumno ou alumna.
- (3) *Actividade titorial*: titorizacións para o seguimento dos contidos teóricos e apoio as lecturas. Titorización de apoio ao traballo desenvolvido ao longo do semestre. Titorización das presentacións e recomendación de bibliografía de apoio.

TRABALLO AUTÓNOMO DEL ESTUDANTE

- (1) Preparación das presentacións nas sesións prácticas.
- (2) Lectura de textos e traballo sobre eles. A cada sesión levarán resumos do contido impartido na sesión expositiva correspondente, respondendo a algunhas preguntas que estarán dispoñibles no campus virtual.
- (3) Estudo dos textos.

REQUISITOS PARA LAS AULAS

Participación activa (que obviamente require asistencia)

A materia require necesariamente da participación activa do alumnado. A participación significa responder habitualmente as preguntas que propoña o docente, así como realizar achegas relevantes críticos ou non en relación á materia que se estea impartindo.

6. AVALIACIÓN

1. Avaliación continua.

40% da nota. Avaliación continua por traballo continuado no seguimento da materia, asistencia e participación en actividades presenciais.

60% da nota. Elaboración dun proxecto de traballo de fin de máster. 3000-4000 palabras.

No caso de que o alumno falte en máis de tres ocasións sen causa xustificada perderá o seu dereito á avaliación continua e será avaliado exclusivamente polo proxecto de traballo de fin de máster.

Os alumnos aos que a Xunta do Centro (ao amparo da instrución 1/2017 da Secretaría Xeral) concedese unha dispensa da asistencia a clase, serán informados, atendendo ás súas circunstancias persoais, de como elaborar e entregar aqueles traballos que permitan compensar a falta de asistencia a clase mantendo o seu dereito a unha avaliación continua segundo as porcentaxes establecidas.

2. Avaliación non continua.

Exame final 100% da nota.

3. Avaliación de competencias.

A avaliación por traballo continuado no seguimento da materia, asistencia e participación en actividades presenciais permitirá avaliar avaliar tódalas competencias básicas e xerais, de xeito especial, a CG1, a CG3 e a CG5, e tódalas competencias transversais, especialmente a CT1, a CT2 e a CT3.

A elaboración do proxecto de traballo de fin de máster permitirá avaliar tódalas competencias básicas e xerais, de xeito especial, a CB3 e a CB6, e tódalas competencias transversais, de xeito especial, a CE5 e a CE6.

NORMATIVAS (REQUIRIMENTO DE ORIXINALIDADE)

Será de aplicación a *Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións*, aprobada no Consello de Goberno do 15 de xuño de 2011:

Art. 1.: “A realización fraudulenta dalgún exercicio ou proba esixida na avaliación dunha materia implicará a cualificación de suspenso na convocatoria correspondente, con independencia do proceso disciplinario que se poida seguir contra o alumno infractor. Considerarse fraudulenta, entre outras, a realización de traballos plaxiados ou obtidos de fontes accesibles ao público sen reelaboración ou reinterpretación e sen citas aos autores e das fontes”.

TEMPO DE ESTUDO E TRABALLO PERSOAL

O tempo de traballo estimado para esta materia en correspondencia cos 3 créditos que ten, é de 75 horas:

- Horas presenciais: 24 h.

+ Clases Expositivas: 12 h.

+ Clase Interactiva: 6 h.

+ Horas de titorías: 6 h

- Horas non presenciais: 51 h.

O traballo persoal do alumno: traballo individual para seguimento da materia (incluído, de ser o caso, realización de traballo escrito): 46 h.

RECOMENDACIÓNS PARA SUPERAR A MATERIA

(1) Participación nas presentacións

(2) Consulta de dúbidas na clase ou nas titorías

(3) Lectura da bibliografía fundamental

(4) O alumnado deberá evitar incurrir en plaxio. Este requisito cumpre coa “Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións”, aprobada no Consello de Goberno da USC do 15 de xuño de 2011: Art. 1.: “A realización fraudulenta dalgún exercicio ou proba esixida na avaliación dunha materia implicará a cualificación de suspenso na convocatoria correspondente, con independencia do proceso disciplinario que se poida seguir contra o alumno infractor. Considerarse fraudulenta, entre outras, a realización de traballos plaxiados ou obtidos de fontes accesibles ao público sen reelaboración ou reinterpretación e sen citas aos autores e das fontes”.

REQUISITOS PARA AS AULAS

A materia require necesariamente da participación activa do estudante.

7. BIBLIOGRAFÍA

Gallud Jardiel, Enrique, *Manual práctico para escribir una tesis*, Verbum, Madrid, 2015.

Bernal Torres, César Augusto, *Metodología de la investigación: para administración, economía, humanidades y ciencias sociales*, Pearson Educación, México D.F., 2006.

De-la-Mota, Carme & Puigvert, y Gemma, *La investigación en humanidades*, Biblioteca Nueva, Madrid, 2009.